

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 08/11/1978

Colección:

Data: 08/11/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Ricardo Palmás;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Mencionados:

Jill Balcon; Plácido Castro; Rafael Dieste; Federico García Lorca; Harold Rubin; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 08/11/1978

Buenos Aires, 8 de novembro de 1978

Sr. Ricardo Palmás
Londres

Benquerido Palmás:

Recibín a súa de fai mais de un mes e fun demorando en contestala por razóns que vostede pode supoñer, traballo, o 9 deste mes, mañán, inaugúrase a quinta mostra de obras miñas, e que supón sempre un enredo, e as preocupacións polo retorno definitivo dentro de un ano e medio ou dous a Galicia. Agora imos irmos en febreiro por dez ou doce meses, mais, anticipándonos ó viaxe a que me referín, teño que poñer en orden os cadros que debo levar, a parte da miña biblioteca que deixo á miña sobriña que rematará o ano que ven Letras, eu separo os libros de arte, cerca de dous mil, pra donar á Biblioteca da sección Historia de Arte da Facultade de

Letras de Santiago. Despréndome de todos os libros de arte, somentes me quedarei cuns poucos, e representan unha fortuna. Quedo cos catálogos que máis me interesan e os obsequios.

Da BBC non me escribiron pedíndome os dereitos, mais pode vostede comprometerse a que utilicen o meu dibuxo como queiran. Pode asegurar que os artistas galegos podemos chegar a pagar para que nos publiquen. Endexamais cobramos nada. Eu autorízoo a vostede para que dispoña dese dibuxo de que fala.

Interésame moito o catálogo da exposición de pintura portuguesa. Agradézollo. A exposición miña en Londres foi no mes de setembro de 1949, na “Twenty Brook Street”, unha galería que estaba, matino que xa non existe, no 20 Brook Street, que dirixía un señor Harold Rubin. Penso que se inaugurou a mediados de setembro, ou o 12 ou 13, e rematouse pola primeira quincena de Outubro. Intervíu na inauguración recitando poemas de Lorca unha actriz, chamábase Jill Balcon, e era filla de un produtor ou director de cine. Gostaríame saber dela, si aínda vive, tiña moito cariño a España. O Sr. Rubin, director da Galería, estaba empeñado en que intervisse na inauguración tamén un guitarrista, e quedouse moi sorprendido cando dixen que de intervir alguén tiña de ser un gaiteiro. En canto ás notas a BBC lémbrome de dúas, unha de Plácido Castro, creo, e outra de Rafael Dieste.

Unha agarimosa aperta de Maruxa e miña:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.